

# A Festa da Filloa de Lestedo obtén o título de Festa de Interese Turístico Nacional

Só hai tres celebracións con esta distinción na provincia da Coruña e doce en toda Galicia

A Festa da Filloa de Lestedo vén de obter o título de Festa de Interese Turístico Nacional. A Secretaría de Estado de Turismo remitiulle ao Concello de Boqueixón (quen cursou a solicitude impulsada pola Asociación Cultural da Filloa de Lestedo) a resolución favorable á concesión do título de Festa de Interese Turístico Nacional (FITN).

Tanto a Asociación Cultural da Filloa de Lestedo como o Concello amosaron a súa satisfacción por obter este título. “Esta é a xusta recompensa e recoñecemento ao esforzo realizado por parte da veciñanza de Lestedo durante máis de catro décadas”, asegura o presidente da agrupación, Xosé Manuel Canabal, quen engade que “agardamos que esta declaración sirva para ampliar as actividades promocionais e divulgativas en torno á Filloa de Lestedo, levándoa a distintos puntos da xeografía española”.

Pola súa banda, o alcalde, Ovidio Rodeiro, afirmou que “esta distinción ábre-nos as portas á proxección da Festa da Filloa de Lestedo alén as nosas fronteiras,



Esta distinción é un recoñecemento nacional ao esforzo realizado pola veciñanza de Lestedo durante máis de catro décadas poñendo en valor a nosa tradición

poñendo en valor a nosa tradición, cultura e o bo facer da nosa veciñanza”. Neste senso, indicou que desde o Concello traballarán arreo “para promover as Filloas de Lestedo e para engrandecer esta exaltación gastronómica que xa leva o nome de Boqueixón por todo o país”.

## Requisitos

Para a declaración como Festa de Interese Turístico Nacional, a Festa da Filloa de Lestedo acreditou, a través dunha completa memoria técnica, cumprir con todos os requisitos esixibles por parte da Secretaria

de colaboración co Concello, acreditáronse tanto a orixe da celebración -que comezou a súa andaina no 1984-, o arraigo cultural, a implicación veciñal que demostra o seu desenvolvemento, así como datos sobre a colaboración establecida con diferentes entidades tanto locais como supramunicipais e doutra índole. Unhas sinerxías que contribuíron a engrandecer a celebración e a ampliar a súa programación.

Do mesmo xeito, incluíronse os preto de medio cento de impactos que a Festa tivo en diversos medios de comunicación, xeralistas e especializados a nivel nacional, o que corrobora o interese pola celebración. Igualmente, incluíronse, entre outros aspectos, datos sobre as visitas rexistradas nos últimos anos e como esta celebración contribúe tamén á dinamización económica non só de Lestedo, senón tamén do conxunto de Boqueixón e da súa contorna. Tamén se deu conta da renovación da web (adaptada aos criterios de accesibilidade AA), ademais da presenza da Festa nas Redes Sociais.

de Estado de Turismo para acadar este recoñecemento Entre eles figura o apoio unánime por parte da Corporación municipal e un informe favorable emitido por parte da Axencia de Turismo de Galicia en apoio á súa candidatura. Neste senso, desde o Concello e a Asociación Cultural da Filloa de Lestedo agradeceron “a colaboración e implicación” do organismo autonómico en aportar o pulo necesario para acadar a resolución favorable recibida hoxe.

Ademais, na memoria técnica da Asociación Cultural da Filloa, realizada en



### O Concello amplía a rede municipal de saneamento en Quián

O Concello vén de comezar a traballar na primeira ampliación da rede de saneamento desta lexislatura. Neste caso trátase da aldea de Quián, na parroquia de Sergude, onde as máquinas traballan xa na instalación das novas tubaxes que permitirán achegar este servizo a aquelas vivendas da aldea que carecen del.

Así mesmo, os Orzamentos Municipais do Concello de Boqueixón para este ano 2024 reservan outros 370.000 euros máis para dotar de saneamento aos núcleos de Frenza (Sucira), Agra (Loureda), Ardilleiro Pequeno (A Granxa), Xiadás (Gastrar), O Casal e Zaramacedo (Lamas) e Vilalapaz (Oural).

## Rodeiro lémbrale ao Goberno a urxencia de mellorar a seguridade viaria en Lestedo

### O alcalde solicitou a inclusión nos Orzamentos do Estado do proxecto de construción dunha rotonda na N-525

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro Tato, aproveitou a visita do delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e da subdelegada na provincia da Coruña, María Rivas, ao municipio para lembrarlle a urxencia de mellorar a seguridade viaria da N-525 ao seu paso por Lestedo. “Urxe mellorar a conexión da N-525 coa estrada provincial de Vedra (C-1202) e a estrada municipal que discorre cara o campo de fútbol e o Pico Sacro mediante unha rotonda que mellore a seguridade viaria nesta zona de Lestedo”, explicoulle sobre o terreo Rodeiro a Blanco.

O alcalde, acompañado por gran parte do Grupo de Goberno, amosou os problemas da nova sinalización horizontal levada a cabo polo Ministerio de Fomento na intersección da N-525 coa C-1202 e a estrada municipal cara o Pico Sacro, prohibindo tanto o xiro á esquerda en dirección Santiago-Ourense como atravesar a N-525 desde a C-1202 cara o Pico Sacro e viceversa. Unha sinalización que prexudicou especialmente aos veciños das aldeas de Milleirós e



Ovidio Rodeiro explicoulle ao delegado do Goberno que a rotonda facilitará o acceso a Milleirós e Vilar e mellorará o tráfico de Lestedo con Vedra e Pazos

Vilar, que ven dificultado o acceso ás súas vivendas, e que supuxo incomodidades tanto para os milleiros de visitantes do Pico Sacro como para os condutores que cada día circulan entre Lestedo e Vedra ou Pazos.

Para solucionar o problema, o Concello solicitou en novembro de 2021 a construción dunha glorieta na N-525, da que xa está redactado un proxecto orzamentado en 250.000 euros e que permitiría reducir a velocidade dos vehículos que entran en Lestedo, polo que xa non sería preciso instalar o semáforo solicitado polo Concello. “Sabemos que o Ministerio

de Fomento ten redactado xa o proxecto de rotonda, pero que está pendente de financiamento a través da súa inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado”, apunta Ovidio Rodeiro.

Estas actuacións únense á demanda veciñal para que se mellore o tráfico e a circulación de vehículos en Lestedo, a través da redución da velocidade no inicio da avenida, o que repercutiría directamente na seguridade dos veciños e veciñas. Unha situación da que tamén se deu traslado ao anterior delegado do Goberno, José Miñones, durante a visita realizada en outubro de 2022.

## CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
29 abr	5 mai	Loureda	Campo da festa
06 mai	12 mai	Gastrar	Campo da festa
13 mai	19 mai	Boqueixón	Campo da festa
20 mai	26 mai	Codeso-Donas	Campo da festa
27 mai	09 xuñ	Oural-Pousada-Sucira	Casa da Cultura

# Boqueixón crea un servizo gratuíto de canguraxe no propio domicilio familiar

Poderá solicitarse en casos de necesidade relacionadas con cuestións médicas, laborais ou administrativas

O Concello de Boqueixón vén de crear un Servizo Municipal de Canguraxe de balde para o coidado de nenos e nenas menores de 11 anos no propio domicilio familiar. Trátase dunha iniciativa incluída dentro do Plan de Conciliación do Concello de Boqueixón e conta coa colaboración da Xunta de Galicia (Plan Corresponsables).

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, explica que “Boqueixón é un concello ideal para vivir e ter fillos, por iso decidimos ir un paso máis aló nos servizos de conciliación da vida laboral e familiar a través deste Servizo de Canguraxe que poderá solicitarse en casos

especiais como cuestións médicas, entrevistas de traballo ou citas ante a Administración”.

## Causas para solicitar o Servizo de Canguraxe

Así, as familias de Boqueixón poderán solicitar este Servizo Municipal de Canguraxe en caso de citas médicas ou ingresos hospitalarios. Tamén poderá pedirse en caso de ter unha entrevista para un posto de traballo, presentarse a unha proba de oposición ou de cualificación profesional ou cando sexa obrigatorio asistir presencialmente a cursos de ampliación da formación profesional (cursos de

alfabetización, graduado escolar...) durante o tempo imprescindible para a súa realización.

Ademais, poderá solicitarse este servizo en caso de comparecencia ante calquera Administración.

## Como solicitalo

O Servizo Municipal de Canguraxe de Boqueixón estará operativo de luns a venres (agás festivos), en horario de 7:00 a 22:00 horas. Poderá solicitarse cun mínimo de 48 horas de antelación.

Máis información no Centro de Información á Muller ou no Departamento de Cultura: 981 513 106 ou 981 513 115.

## Volve o programa de conciliación Verán Activo

O Concello organiza unha nova edición do programa “Corresponsabilidade Verán Activo 2024”, unha iniciativa lúdico-educativa que permitirá ás familias conciliar a súa vida persoal e laboral, ao tempo que oferta unha alternativa de lecer para crianzas de entre 3 e 16 anos nas vacacións de verán.

As actividades terán lugar de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións municipais do Forte e do CPI Antonio Orza Couto. O prazo de inscrición abrirase do 24 de maio ao 7 de xuño e as solicitudes poderán descargarse en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).



## Dous puntos de recollida de roupa para Cáritas en Sergude e Lestedo

O Concello de Boqueixón e Cáritas Diocesana de Santiago veñen de asinar un convenio de colaboración que permitiu a instalación de dous puntos de recollida de roupa, calzados e complementos nas localidades de Sergude e de Lestedo. Uns contedores que foron instalados na xornada de onte en Sergude, a carón da Taberna de San Benito, e en Lestedo, na contorna do Eroski. As doazóns deberán depositarse no contedor en bolsas pechadas.



## O Concello condena a vandalización dos bancos violeta

O Concello condena e amosa o seu total rexeitamento aos actos de vandalización sufridos polos dous bancos violeta instalados o ano pasado en Lestedo, como peche da programación de actividades en conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Uns actos incívicos que son unha mostra de falta de sensibilidade a unha loita necesaria na que todas as persoas debemos amosar unión.



## Prazo de inscrición nas actividades deportivas para adultos

O Concello de Boqueixón informa de que do 24 de maio ao 6 de xuño estará aberto o procedemento de renovación de praza para os veciños e veciñas que participan este ano nas actividades deportivas para persoas adultas. Dende o Departamento de Deportes informárase do procedemento a seguir.

Por outra banda, do 7 ao 20 de xuño abrírase o prazo de recepción de novas matrículas. A documentación e as bases da nova convocatoria poderán ser consultadas na web municipal: [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

## Catro medallas no Campionato Galego de Judo e gran papel no torneo nacional

Espectacular participación do Escola Judo Club Boqueixón no Campionato Galego de Judo disputado en Lugo onde catro deportistas locais obtiveron cadansúa medalla. Así, Andrea Álvarez proclamouse campioa galega infantil na categoría de menos de 48 kg e Irene Ferreiro conseguiu o subchampionato infantil de menos de 44 kg. Completaron o medalleiro Lucía Pol Mera e Bruno Rey, con sendos bronces na categoría Infantil de menos de 52 kg e menos de 38 kg.

### Selección galega

Días despois, Irene Ferreiro, veciña de Sucira, e Andrea Álvarez, de Vedra, foron convocadas pola Selección Galega de Judo para



Andrea Álvarez proclamouse campioa galega infantil na categoría -48 kg

tomaren parte no Campionato de España Infantil e Cadete de Judo, disputado o 27 e 28 de abril no Navarra Arena de Pamplona. As deportista que adestran no centro deportivo Skola Lestedo realizaron unha gran competición. De feito, Irene Ferreiro mesmo logrou un máis que meritorio sétimo posto no campionato nacional.



Irene Ferreiro e Andrea Álvarez



## O ACUD Camporrapado logra o ascenso á Segunda Rexional

Despois de varios anos de intenso traballo, o ACUD Camporrapado recolle os froitos en forma de título de Liga da Terceira Rexional Galega e ascenso a Segunda Rexional. Unha meritoria vitoria no campo do Forte diante da UD Santiso, que estaba a ser o mellor equipo da segunda volta, certificou un título máis que merecido despois do gran xogo amosado polo equipo boqueixonés ao longo de toda esta temporada.



## O Club Squadra Boqueixón logra tres medallas na Liga Provincial

Grandes resultados para o Club Squadra Boqueixón na I Fase da Liga Provincial A Coruña de Ximnasia Rítmica, disputada en Santiago. As rapazas do conxunto prebenxamín lograron o subchampionato, mentres as alevíns e infantís lograron uns meritorios noveno e sexto posto. Na categoría prebenxamín individual, ouro para Gabriela Places Toubes e bronce para Irene Lareo Serramito. Na categoría promoción, Nerea Barreiro logrou a 12ª praza.

# As Carrozas do San Cidre celebrarán as súas vodas de ouro o domingo 19 de maio

A parroquia de Oural ultima os preparativos para celebrar a edición número 50 do desfile das Carrozas do San Cidre, unha actividade na que traballan ou colaboran dende principios de ano a gran maioría dos catrocentos veciños e veciñas da parroquia. Unha veciñanza que agarda que a súa festa sexa recoñecida en breve como Festa de Interese Turístico Galego pois conta con todos os requisitos precisos: é a primeira festa de exaltación dos labores do campo da que se ten constancia na comarca, con máis de medio século de traballo ás súas costas e coa implicación de todas as aldeas da parroquia.

Así, a partir das 11:00 do 19 de maio, oito carrozas participarán na mostra e posterior desfile polas rúas de Cam-

porrapado, coa música da Charanga BB+, Son de Gaita e Cantigas e Agarimos. Ás 14:00 horas, pregón co xornalista Fran Cañotas, presentado por Javier do Nervioso, que dará paso a unha degustación de petiscos e viño en cada carroza baixo a música da Charanga BB+ e Tania Veiras. Ás 18:00 horas, verbena coa Orquestra Olympus.

Mais as Festas do Oural darán comezo o venres 17, con misa na honra da Nosa Señora da Fátima ás 22:00 horas con procesión acompañada por Son de Gaita. Ángel América e Punto Zero encargaranse da verbena. E o sábado 18, misa ás 13:00 horas na honra á Nosa Señora do Rosario e ás 23:00 horas verbena coa orquestra Compostela e discomóvil Chocolate.

## 50ª EDICIÓN DAS CARROZAS DO SAN CIDRE Oural- Camporrapado (Boqueixón) 19 MAIO 2024



11:00h. - MOSTRA DE CARROZAS, CHARANGA BB+ e SON DE GAITA  
12:00h. - SAÍDA DO DESFILE DE CARROZAS  
13:00h. - CANTIGAS E AGARIMOS  
14:00h. - ACTO DE PRESENTACIÓN DA FESTA A CARGO DE JAVIER DO NERVIOSO  
PREGÓN A CARGO DE FRAN CAÑOTAS, XORNALISTA, PRESENTADOR E ACTOR  
DEGUSTACIÓN DE PETISCOS E VIÑO DA ZONA EN CADA CARROZA  
CHARANGA BB+ E TANIA VEIRAS  
18:00h. ORQUESTRA OLYMPUS



DOMINGO 26 DE MAIO 2024

### ROMARÍA DO PICO SACRO NA HONRA A SAN SEBASTIÁN

Misas e música

Haberá polbo,  
churrasco e doces

Organiza: Comisión de Festas de A Granxa  
Colabora: Concello de Boqueixón

ROTEIRO ARQUEOLÓXICO  
POLO PICO SACRO  
E A SÚA CONTORNA

Actividade de balde.  
Saída: 12:30 h.  
Punto de encontro:  
aparcadoiro do Pico Sacro  
Imprescindible inscrición  
no 981 513 061 ou no mail  
boqueixonturismo@gmail.com  
Departamento de Emprego,  
Formación e Turismo

## Roteiro arqueolóxico gratuíto polo Pico Sacro o domingo 26 de maio

Coincidindo coa Romaría do Pico Sacro na honra a San Sebastián, o domingo 26 de maio o Concello organiza un roteiro arqueolóxico gratuíto polo Pico e a súa contorna. Sairá ás 12:30 h do aparcadoiro do Pico. Para participar é preciso anotarse no 981 513 061 ou en boqueixonturismo@gmail.com. A Comisión de Festas da Granxa ten preparado un programa para a romaría con misas, música dos grupos Raeira e Luz do Ilicinio, acompañadas de polbo, churrasco e doces.



## Boqueixón participou cun stand na XLII Festa do Viño da Ulla

O Concello de Boqueixón tomou parte na XLII Festa do Viño da Ulla. Ademais da participación do alcalde, Ovidio Rodeiro, no pregón celebrado no campo da festa de San Miguel de Sarandón, o Concello estivo presente nun stand no que se promoveron todos os atractivos turísticos e gastronómicos do municipio. Un stand no que se fixo fincapé en dúas celebracións: a Festa da Filloa, que vén de ser declarada de Interese Turístico Nacional, e as Carrozas de San Cidre.



## Convocadas as viaxes a Ribadavia e Canóns do Sil

O Concello ten abertas as inscricións nas dúas primeiras excursións do programa "Boqueixón en ruta 2024". A primeira terá lugar o sábado 11 de maio con destino Ribadavia e a comarca do Ribeiro. O prezo é de 25 € e inclúe visitas guiadas ao casco histórico, castelo, museo etnográfico e museo do viño. A seguinte saída terá lugar o 1 de xuño, por 30 € e incluírá visitas aos fermosos Canóns do Sil, a Ribeira Sacra e Castro Caldelas.

Inscricións en persoa no Concello ou no 981 513 115 ata completar prazos. Os asentos no bus outorgaranse por orde de anotación.



## O equipo de Boqueixón de fútbol gaélico, subcampión de Europa infantil e cadete

O equipo de fútbol gaélico de Boqueixón vén de acadar un fito histórico ao proclamarse subcampión de Europa nas categorías infantil e cadete. A rapaza adestrada por David de la Torre abriuse paso ata a final nun torneo con equipos de renome de Alemaña, Bélxica, Francia, Suíza e España.

"Ningún equipo galego chegara á final. É un logro tremendo para o fútbol gaélico galego e para nós como equipo", apuntou David de la Torre. De feito, O Forte de Boqueixón mantivo o tipo en todo momento, empatando a 7 no descanso da final, e só cedendo ante o físico dos seus rivais do Bruxelas.

## Prazos de inscrición nos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, que terán lugar de outubro a xuño no CPI Antonio Orza Couto. Uns cursos dirixidos a alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria e mocidade a partir de 16 anos, grupos A2, B1 e B2.

Así, o alumnado matriculado no curso actual poderá renovar a súa praza do 24 de maio ao 6 de xuño. Do 7 ao 20 de xuño abrírase o prazo para novas matrículas. A documentación estará dispoñible en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal). Máis información: 981 513 115 ou en [cultura@boqueixon.gal](mailto:cultura@boqueixon.gal).



## Nova renumeración das vivendas para evitar confusións

O Concello de Boqueixón segue adiante co seu proceso de numeración dixital de todo o municipio. Nesta ocasión, o alcalde, Ovidio Rodeiro, mantivo unha reunión coa veciñanza de Camporrapado, A Silveira e Rebordaos para informalos sobre a necesidade desta nova renumeración das vivendas para evitar as confusións que provoca a actual. Coa nova numeración, todas as vivendas quedarán xeoreferenciadas, o que facilitará a súa localización.

## O pavillón do Forte acollerá a sétima edición do Campionato de Judo o domingo 5 de maio

O Concello de Boqueixón e a Escola Judo Club organizan o VII Trofeo Primavera Kumi Kata, que terá lugar o domingo 5 de maio no pavillón do Forte. Unha edición que agarda superar os 200 participantes procedentes de clubs da contorna.

As competicións darán comezo ás 10:00 horas, coas categorías Alevín e Benxamín A; e continuarán ás 12:00 horas, coas Benxamín B e Prebenxamín



# Deporte, certame e “Memorias dun neno labrego” en cómic para as Letras Galegas

O Concello de Boqueixón conmemorará o Día das Letras Galegas cun acto especial que terá lugar o xoves 16 de maio, a partir das 11:45 horas, no CPI Antonio Orza Couto. Neste acto, o alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, presentará a versión en formato banda deseñada do libro “Memorias dun neno labrego”, de Xosé Neira Vilas. Unha presentación na que estará acompañado polo presidente da Fundación Neira Vilas, Fernando Redondo Neira, e pola autora/ilustradora da banda deseñada: Iria Aldegunde.

Unha vez presentado o libro, o Concello de Boqueixón fará entrega dos premios do X Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas, tras a decisión do



xurado presidido por M<sup>a</sup> Rosario Golmar Saavedra, membro do padroado da Fundación Xosé Neira Vilas. Un xurado integrado por Rosario Iglesias, técnica municipal de Cultura como secretaria; e Lidia Fernández, profesora de Lingua e



Literatura Galega, e Yolanda Vázquez, da asociación cultural Mestre Manuel Gacio, como vogais.

Durante o acto repartiranse exemplares dos textos gañadores editados para a ocasión polo Concello de Boqueixón.

## Camiño das Letras

Por outra banda, o venres 17 de maio terá lugar a décima edición da Carreira Camiño das Letras, que terá dous circuitos: un de 15 km, que partirá ás 10:00 horas do Pico Sacro e percorrerá a Vía da Prata ata a Cidade da Cultura; e outro de 5 km, que comezará ás 10:05 horas no Gaiás e seguirá un circuito polo Bosque de Galicia.

As inscricións están abertas en [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Habrá servizo de autobuses e gardarroupa desde a Cidade da Cultura ao Pico e todas as persoas participantes recibirán un libro de agasallo xunto ao dorsal, que deberán recoller en Outeiro do Castiñeiro 73, baixo, Santiago.



## Obradoiros de prevención de condutas de risco para o alumnado

O alumnado de 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> da ESO e de 6<sup>o</sup> de Primaria do CPI Antonio Orza Couto participaron en tres obradoiros do Programa de prevención de condutas aditivas, que o Concello organiza en colaboración coa Consellería de Sanidade. O alcalde, Ovidio Rodeiro, participou na sesión inaugural duns talleres que buscaban previr o consumo de substancias aditivas e dispositivos electrónicos, promover as habilidades sociais e fomentar o benestar emocional.



## Os maiores desfrutan dun circuito termal de dúas horas nun balneario

Vinte veciños de Boqueixón, maiores de 60 anos, participaron na segunda das tres saídas ao Hotel Balneario Compostela organizadas polo Concello. Nelas participan nun circuito termal de dúas horas “onde gozan dos beneficios físicos e psíquicos da hidroterapia”, explica a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde. A próxima saída será o 13 de maio e as persoas interesadas en participar poden anotarse nos Servizos Sociais (981 513 106).



## O polideportivo do Forte acolle o XXXI Encontro de Maiores

O Concello de Boqueixón organiza a edición número 31 do Encontro de Maiores, que terá lugar o sábado 4 de maio no polideportivo do Forte. O Concello de Boqueixón ofrecerá servizo de traslado en autobús a aquelas persoas que o soliciten

A festa, dirixida a persoas maiores de 60 anos e pensionistas, comezará cunha tradicional misa ás 12:30 horas no salón de actos do CPI Antonio Orza Couto. O xantar será ás 13:30 horas e estará acompañado de música e animación.

O Concello homenaxeará ás dúas persoas de maior idade presentes na festa e sorteará agasallos entre todas as persoas asistentes en colaboración con SBC Gasolineiras.



## Maiores de Boqueixón aprenden a usar a novas tecnoloxías na súa vida diaria

Un total de 17 veciños e veciñas de Boqueixón participan no curso gratuito “Uso das novas tecnoloxías na vida diaria”, organizado polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Fundación Amigos de Galicia. Un curso que foi inaugurado polo concelleiro de Facenda e Servizos Xerais, José Manuel Iglesias Gómez, e a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, quen destacaron que se trata dunha

actividade “para promover o envellecemento activo mediante a unha actividade que facilita a socialización e dixitalización dos nosos maiores”.

Nestas sesións, os maiores de Boqueixón están aprende a manexar os seus teléfonos móbiles para realizar xestións a través de Internet como solicitar unha cita médica a través da APP móbil do Sergas, pedir quenda no Concello ou centro de saúde, sacar di-

ñeiro no caixeiro, actualizar a súa cartilla ou manexar os seus teléfonos móbiles. Uns obradoiros prácticos e sinxelos que teñen como obxectivo favorecer a independencia dixital das persoas maiores de Boqueixón, para que así poidan levar a cabo as súas tarefas diarias de maneira autónoma.

A biblioteca municipal de Boqueixón acolle as clases en horario de mañá. As derradeiras sesións terán lugar os mércores 8 e 15 de maio.

## AXENDA DO MES DE MAIO

Sábado  
4

### XXXI Encontro de Maiores

Misa no colexio. 12:30 h. Xantar no pavillón do Forte. 13:30 h.

Domingo  
5

### VII Trofeo Primavera Kumi Kata

Pavillón O Forte.  
10:00 h. Alevín/Benxamín A.  
12:30 h. Benxamín B/Prebenxamín.

Xoves  
9

### Exposición de fotografías: Auga, o sangue da terra

Casa do Concelo ata o 3 de xuño.  
AFundación Abanca

Sábado  
11

### Boqueixón en Ruta: Viaxe a Ribadavia

Prezo: 25 euros. Inscripcións no Concello ou no 981 513 115.

Luns  
13

### Saída ao Balneario

Saída Praza do Concello, 10:30.  
Prezo: 23 € (circuíto+bus).  
Inscripción: 981 513 106.

Xoves  
16

### Festival das Letras

CPI Antonio Orza Couto, 11:45 h.  
Presentación de “Memoria dun neno labrego” de Neira Vilas en banda deseñada. Entrega dos premios do X Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas. .

Venres  
17

### X Carreira Camiño das Letras

Pico Sacro, 10:00 h.  
www.carreirasgalegas.com.

Domingo  
19

### XLVII Desfile de Carrozas de San Cidre

Oural-Camporrado.  
Dende as 11:00 h.

Domingo  
26

### Romarfa do Pico Sacro

Roteiro arqueolóxico, ás 12:30 h.  
Inscripcións: 981 513 061 / boqueixonturismo@gmail.com

Sábado  
1

### Viaxe á Ribeira Sacra

Prezo: 30 euros. Inscripcións no Concello ou no 981 513 115.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 / concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 / cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 / cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 / boqueixonturismo@gmail.com